



Acta da sesión do Consello de Goberno do 26 de outubro de 2016

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Julio Abalde Alonso, e de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Manuel Reyes García Hurtado e Susana Ladra González.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

Informa o reitor da nova incorporación ao Consello de Goberno da profesora Ana Isabel Novo Corti, directora do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas como representante dos directores de departamento en substitución do profesor José Daniel Pena Agras quen solicitou a súa baixa voluntaria nos órganos de xestión que desempeñaba até o 1 de outubro.

Así mesmo, informa do nomeamento de Alberto de Vega Martín como director dos Servizos de Apoio á Investigación en substitución de José Pérez Sestelo que presentou a súa dimisión voluntaria por motivos persoais.

Informou tamén do plenario da CRUE, o pasado 28 de setembro, con dous puntos: acceso á Universidade e estado das negociacións co MECD para a aplicación do RD “3+2”. Sobre o acceso, debateuse acerca de como ía realizar cada universidade a valoración de 10 a 14 puntos (asunto agora solucionado). Respecto do 3+2, alcanzouse un acordo co MECD para que os graos que xa están no RUCT continúen con 240 créditos e que os novos poidan ir a 180. Isto esclarece a situación (aínda que o problema do custo dos mestrados segue pendente). Nese mesmo día realizouse unha asemblea conxunta coa CRUPortugal, para que as universidades ibéricas teñan presenza conxunta en Bruxelas.

Deu conta da sinatura con Inditex do convenio Intalent, que lle permitirá á UDC pór en marcha unha convocatoria de captación de talento con contratos de 2+1 ano, co fin de preparar candidatos e candidatas para convocatorias de excelencia (Ramón y Cajal, ERC etc.).

O **secretario xeral** informa de que se detectaron uns erros de transcripción nos artigos 2, 4, 18 e 31 do Regulamento electoral xeral aprobado na anterior sesión do Consello de Goberno do 28 de setembro que serán corrixidos de



oficio na versión definitiva que se publicará no taboleiro electrónico oficial unha vez incluídos no anexo correspondente os nomes dos novos departamentos resultantes da fusión e unha vez pasado por normalización lingüística.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal informou dos seguintes asuntos:

1. Que o día 30/09/2016 se publicou a resolución de adxudicación das prazas de titular de universidade incluídas na OPE do ano 2016. Como resultado, os departamentos correspondentes deberán propor a convocatoria das prazas nas áreas de coñecemento de Enxeñaría Mecánica e de Psicoloxía Evolutiva e da Educación.
2. Que o día 05/10/2016 se autorizou a contratación dun profesor colaborador fixo como profesor contratado doutor no Departamento de Ciencias da Saúde en aplicación da disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2007, de modificación da LOU.
3. Que o día 10/10/2016 se autorizou o cambio de dedicación dunha asociada T1 do Departamento de Fisioterapia de P03 a P06 durante a IT e posterior maternidade dunha profesora asociada T1 P03.
4. Que o día 11/10/2016 se autorizou o aprazamento no inicio dun contrato da persoa nomeada nunha praza de interina de substitución a TC no Departamento de Ciencias da Saúde convocada para o curso académico 2016/17, debido a que nestes momentos está no período obrigatorio de descanso por maternidade.
5. Que o día 14/10/2016 se autorizou que se manteña o vigor do contrato dun interino de substitución P06 do Departamento de Electrónica e Sistemas (contratado debido a unha paternidade e cesión do permiso de maternidade) ata a finalización do curso académico 2016/17, logo da renuncia presentada por outro interino de substitución P03.
6. Que o día 17/10/2016 se autorizou a convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de profesorado contratado interino de substitución P06 no Departamento de Matemáticas debido a unha renuncia dunha interina TC da área de Matemáticas Aplicada. Completarase coa autorización dun cambio de dedicación de P06 a TC.
7. Que o día 21/10/2016 a COAP autorizou a venia docente de 3 profesores/as na EU de Relacións Laborais da Coruña e 3 profesores/as na EU de Turismo. Non se autorizou unha venia docente solicitada pola EU de



Turismo debido aos motivos incluídos no informe negativo do Departamento de Dereito Público.

8. Que o día 21/10/2016 a COAP acordou remitirle ao Consello de Social, para a súa autorización, a asignación de complementos ao labor investigador a un profesor e o complemento ao recoñecemento á excelencia curricular a outro profesor, logo da valoración realizada pola ACSUG.

O vicerreitor de Política Científica, Innovación e Transferencia, Salvador Naya Fernández, deu conta da solicitude por parte da UDC do selo Human Resources Award, necesario para poder concorrer ás convocatorias H-2020.

Informou tamén da visita de profesores australianos ao campus de Ferrol, ao abrigo da UMI UDC-Navantia.

O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, Domingo Calvo Dopico, dou conta de que na última reunión da Comisión de Asuntos Económicos se aprobaron imputacións por valor de 69 355,83€ e se validaron expedientes por valor de 333 229,29€

Adiantou tamén que a data de peche do exercicio orzamentario será o 14 de novembro e que, á vista da interinidade en que se encontra o Goberno da Xunta de Galicia, agarda poder contar a mediados de novembro con datos fiables para elaborar os orzamentos da UDC para 2017.

A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Vázquez Veiga informou dos seguintes asuntos:

O día 3 de outubro os vicerreitores das tres universidades tivemos unha reunión na Secretaría Xeral de Universidades. Presentóusenos a proposta de planificación académica do SUG- 2016-2020. A devandita planificación que afectará aos títulos de graos e mestrado basearase nos seguintes principios da ordenación universitaria: mellora da adecuación da oferta á demanda, oferta equilibrada, títulos interuniversitarios, títulos que fomenten o espírito emprendedor e o autoemprego, especialización dos campus e equilibrio entre eles. O secretario xeral de Universidades referiuse á necesidade de aplicar medidas correctoras para as titulacións multiplicadas e de facer unha valoración da demanda na simultaneidade de graos. Tamén aludiu ás «titulacións singulares». Nesta denominación terán cabida aquelas titulacións consideradas singulares para o SUG con independencia do número de matriculados. Para realizar a selección farase unha consulta previa ás universidades.



Así mesmo, nesa reunión informáronnos de que o informe de envío a verificación do Mestrado en Enxeñaría Aeronáutica ía ser desfavorable. Todas as propostas presentadas de novos títulos foron rexeitadas. Expuxéronse varios motivos, entre outros, que consideran que a proposta de novos títulos debe ser consensuada polas tres universidades e que este momento de interinidade non era o adecuado para facer mudanzas no mapa de titulacións. Insistiuse na importancia da colaboración e cooperación das universidades do SUG á hora de implantar novos títulos e de priorizar a oferta para os campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra.

- O día 24 de outubro tivemos unha reunión na ACSUG para revisar o borrador da *Guía para o seguimento e acreditación dos títulos oficiais de doutoramento*. A guía definitiva estará lista previsiblemente o día 8 de novembro. Até o mes de marzo non terá que estar lista a documentación requirida. Terá que ir a seguimento o Programa de Doutoramento en Sociedade do Coñecemento: Novas perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades, implantado en 2012. Tamén deberemos seleccionar dous programas por cada área de coñecemento entre os implantados en 2013, para que vaian neste curso a seguimento. Proximamente convocaremos a todos os directores dos programas a unha reunión en que se lles presentará a guía para o seguimento e se debaterán todas aquelas cuestións que se consideren necesarias.

- O día 21 de outubro tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación a I Xornada de Innovación Docente, cunha cifra moi boa de participación de docentes da UDC. Agradézolle ao profesorado o interese amosado e transmíttolle os meus parabéns polas súas contribucións.

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, Margarita Amor López pola súa parte, informou dos seguintes asuntos:

A publicación da convocatoria das axudas para o estudantado da UDC para estudantes en situación de dificultade económicas, as bolsas de renovación e nova adxudicación para estudos de mestrados universitarios oficiais na UDC, a segunda convocatoria de bolsas de colaboración para formación complementaria en órganos e servizos da UDC e a Convocatoria de axudas para o transporte urbano na cidade da Coruña e para as áreas de transporte metropolitano da Coruña e de Ferrol.

A publicación da convocatoria do I Concurso Expociencia-UDC de Divulgación Científica, aberto a estudantes de graos e mestrado da Universidade da Coruña desde a Unidade de Divulgación Científica e



Cultural da Universidade da Coruña en colaboración coa Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Da realización da UDCienciaBarrié 2016 que é unha feira científica organizada pola Fundación Barrié e a UDC coa colaboración do grupo de divulgación científica udcbigbang e a Facultade de Ciencias. UDCienciaBarrié propón actividades da ciencia e obradoiros científicos para escolares de primaria, secundario e bacharelato.

Dá conta, finalmente, de que a Universidade da Coruña é, por terceiro ano consecutivo, centro colaborador do proxecto YUZZ.

A vicerreitora de Internacionalización e Cooperación, Pilar García de la Torre, informou de que o 19 de outubro se procedeu ao nomeamento de dona María Josefa Martínez López como subdirectora da Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Española. Expresou o seu agradecemento ao anterior subdirector Fernando Peña polo labor desenvolvido nos últimos anos en prol da promoción da Lingua e a Cultura Española en Bangladesh.

Comenta tamén que nos días 24 e 25 de outubro tiveron lugar en Castellón as xornadas e o Pleno Sectorial CRUE-Internacionalización e Cooperación. Esta sectorial divídese en 3 grupos de traballo: mobilidade, internacionalización e cooperación ao desenvolvemento. No grupo de traballo de internacionalización presentouse o *Documento marco de política lingüística para la internacionalización del sistema universitario español*, en que se ofrecen recomendacións sobre as que deseñar unha política lingüística de calidade dentro do contexto internacional. O director do SEPIE (Servicio Español para la Internacionalización de la Educación), invitado ás xornadas, destacou como tema prioritario da Comisión Europa as axudas a persoas con necesidades especiais, así como o incremento das axudas para estudantes de contornos desfavorecidos. Tamén informou da incorporación dentro do Erasmus + dunha nova rexión que comprende Irán, Iraq e Iemen.

Informou, finalmente, de que o 20 de outubro de 2016, o *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE) publicou a nova convocatoria Erasmus+ 2017. De especial interese para o profesorado universitario resulta a acción KA2, que financia Asociacións Estratéxicas no ámbito da Educación, a Formación e a Xuventude. O prazo de presentación de solicitudes remata o próximo 29 de marzo de 2017. Esta vicerreitoría organizará, antes de finais deste ano, unha xornada informativa sobre estas posibilidades de financiamento e un obradoiro práctico sobre como solicitar proxectos da acción KA2.



A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Araceli Torres Miño, informou sobre a sinatura dun convenio coa Fundación La Caixa para conceder vinte bolsas para estudantes con necesidades educativas especiais e da convocatoria do premio Inés Alvariño, para TFM e TFG con perspectiva de xénero.

O **xerente**, Ramón del Valle López comezou agradecendo a benvida dos membros do Consello de Goberno e anunciou que se retomarán os procesos selectivos do PAS (acceso de promoción interna e funcionarización) e a súa vontade de coñecer a opinión da Xunta de Persoal sobre o proceso de provisión de postos de traballo para proceder, finalmente, á modificación da RPT.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 28 de setembro de 2016

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en tres (3) convenios marco, vinte e cinco convenios específicos (25), e cincuenta e catro convenios para prácticas (54), e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

4. Proposta de racionalización de estruturas académicas da UDC

Toma a palabra o reitor para indicar que onte presentaron no rexistro de Ferrol un escrito asinado por catro catedráticos, dos que só un é membro do Consello de Goberno, en que se lle solicita retirar da orde día este punto.

Considera que é unha falta de respecto ao conxunto dos membros da CEPREA e do Consello de Goberno que, tras case ano e medio de traballos, reunións, alegación e debate, se realice unha solicitude deste carácter o día anterior á aprobación definitiva da proposta.

Realizou, a seguir, un recordatorio do procedemento que comezou en maio de 2105, sendo informado este Consello do inicio do proceso (no proxecto inicial prevíanse apenas 5 departamentos e 8 centros para toda a UDC). No Consello de Goberno de xuño de 2015, o equipo de goberno retirou a súa proposta de CEPREA e anunciou o inicio dun proceso de discusión e a constitución dunha comisión para o efecto. No Consello de Goberno de xullo



dese ano, presentouse unha proposta asinada por quince directores de centro que foi finalmente aprobada. O novo equipo de goberno retomou os traballos e suxeriu que, antes de ser aprobada polo Consello de Goberno, a proposta fose debatida no Claustro, tal e como aconteceu o pasado 13 de outubro.

Prosegue o reitor recordando que o Consello de Goberno se dotou dunhas normas en 2015 e que a CEPREA e o equipo de goberno só estaban a seguilas cando se aprobaron os criterios e se mantivo a composición da CEPREA, incorporando os directores de departamento membros do Consello, con voz mais sen voto. Conclúe o reitor reiterando que estas foron as normas, este foi o proceso do que resulta a proposta que hoxe se somete ao Consello para a súa aprobación definitiva.

Intervén Nona Inés Vilariño para se pronunciar a favor do procedemento. E, por se ficase algunha dúbida, pregunta se hai ou non posibilidade de que o Consello se pronuncie ao respecto. O reitor contesta que non é procedente.

Continúa o reitor dicindo: «se o que se quere é mellorar o documento, debatámolo. Se o que se quere é paralizalo, este xa non é o momento, nin parece leal coa CEPREA nin con este Consello».

Intervén novamente Nona Inés Vilariño para dicir que apoia o procedemento e que está en contra da retirada. O secretario xeral esclarece que non é posible retirar un punto da orde do día unha vez aprobada.

Toma a palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, Alberto Valderruten Vidal. Lembra que xa en 2012 o Claustro universitario aprobara unha declaración sobre a melloría da eficiencia dos recursos públicos investidos na Universidade. Que o Plan estratéxico da UDC e o PFSUG 2015-2020 tamén aluden a esta melloría de eficiencia. Aludiu tamén ás mudanzas experimentadas nas funcións dos departamentos desde a creación e puxo exemplos doutras universidades que tamén afrontaron procesos de racionalización. Indicou que a proposta afecta á reestruturación dos equipos directivos –sen abandonar o obxectivo da fusión de centros– e modificar a estrutura departamental (pasando de 43 a 26), tal e como se indica na memoria publicada no repositorio.

Explicou as propostas de modificación formuladas por algúns profesores:

- Solicitud de que a área de Dereito do Traballo se adscriba ao departamento de Dereito Privado. Nese caso, Dereito Público ficaría con 35,5 profesores permanentes a tempo completo e Dereito privado tería apenas 33. Por iso, alén de ser extemporánea, non a incluíu na proposta final.



- Sobre os nomes dos departamentos: sinala que hai un documento con suxestión de nomes ao dispor dos membros do Consello. O documento contén unha proposta completa de nomes para os 26 departamentos (o documento xúntase como anexo).
- Situación dos departamentos de Arquitectura: non foi posible configurar unha distribución clara de áreas entre eles. Sométense á decisión do Consello dúas propostas alternativas:
 - a) Unir os departamentos actuais de Tecnoloxía da Construción e de Construcións Arquitectónicas (departamento 13), unir a área de Expresión Gráfica Arquitectónica (unindo os dous departamentos actuais de Representación e Teoría Arquitectónica e Tecnoloxía e Ciencia da Representación Gráfica, departamento 14) e, finalmente, que se unisen nun departamento as áreas de Composición, Proxectos e Urbanismo (departamento 15).
 - b) A segunda proposta suporía manter a área de Mecánica de Medios Continuos e Teoría da Estrutura Arquitectónica soa nun único departamento. O departamento 14 estaría formado polas áreas de Expresión Gráfica Arquitectónica e a de Construcións Arquitectónicas e o departamento 15 ficaría igual (coas tres áreas Composición, Proxectos e Urbanismo)

Ábrese un debate sobre a proposta, tomando a palabra en primeiro lugar o profesor Busto Lago, decano da Facultade de Dereito. Manifesta que o procedemento non foi improvisado, que leva máis de ano e medio de percorrido, que houbo ocasións sobradas para alegar e suxerir. Considera coherente que se fixen criterios para determinar a composición dos equipos de dirección. Canto aos departamentos, chama a atención sobre os cambios experimentados nas súas funcións, que se viron reducidas en beneficio de áreas e centros. Conclúe sinalando que se tratou dun proceso longo, participado e aberto ao conxunto da comunidade universitaria. E por iso a proposta foi aprobada na CEPREA o pasado 6 de outubro apenas con dous votos en contra.

A respecto da situación da área de Dereito do Traballo, lembra que o acordo da CEPREA do 6 de outubro foi o resultado dunha proposta do decanato de Dereito. E que non houbo ningunha proposta formal de modificación, apenas un correo electrónico asinado por tres profesores, que non foi debatido nin aprobado en órgano ningún. Alén do máis, hai outras áreas que tamén poderían estar nun ou noutro departamento, e este cambio podería provocar outras alteracións. Propón, daquela, que non se modifique a proposta aprobada pola CEPREA o 6 de outubro de 2016.



A profesora Sonia Souto indica que a maior parte do traballo da CEPREA foi realizado desde xuño de 2016. Sobre a denominación dos departamentos, dado que o prazo para propor nomes rematou o día 25 de outubro, manifesta que non houbo tempo abondo para que o equipo de goberno puidese reflexionar a súa proposta.

Propón que se aprobe a nova estrutura departamental pero sen as denominacións, xa que o propio proceso dá unha marxe de tres meses para que por resolución reitoral se proceda á reestruturación, dando así tempo a consensuar as denominacións onde non hai acordo. Pregúntalle ao reitor se se vai corrixir o erro na adscrición provisoria de Fisioterapia.

O profesor Graña intervén para manifestar o seu desacordo con que haxa dous departamentos coa denominación de enxeñaría industrial, cando un deles é de enxeñaría naval.

O profesor Baaliña informa de que non houbo acordo entre os departamentos da Escola de Náutica e solicita unha explicación acerca da escolla do equipo reitoral.

O estudante Alberto Franco manifesta a súa preocupación pola redución dos equipos decanais, e solicita que se abra a porta a un incremento futuro. Pola contra, pide unha redución de departamentos aínda maior.

O profesor Hervella expresa o seu acordo co proceso, mais non respecto da estrutura de departamentos resultante para o seu centro. Non entende o sentido dunha reforma desequilibrada e contraria a criterios académicos (Álgebra fóra de Matemáticas?). Propón un departamento de matemáticas, outro de ciencias da computación e outro de enxeñaría informática. Chama a atención sobre os problemas que vai provocar a coexistencia entre departamentos de tamaños moi diferentes.

O profesor Sergio Santos tamén apoia o proceso, mais discorda do resultado para Ciencias da Saúde. Agarda que o proceso de fusións se poida retomar no futuro.

O profesor Manuel Casteleiro pregúntase que é o que se vai someter a aprobación. O secretario xeral responde que a memoria coas modificacións que se acorden no Consello de Goberno. Replica o profesor Casteleiro inquirindo se as modificacións introducidas na memoria aprobadas en xuño son resultado dalgún acordo do Consello de Goberno?



O profesor Ignasi Colominas, respecto da Escola de Enxeñaría de Camiños, indica que coa nova estrutura de departamentos, o profesorado da escola seguirá dividido en 8 departamentos, cando antes eran 10.

O profesor Fernando Agrasar explica por que Arquitectura non puido alcanzar un acordo aludindo a que a proposta inicial eran catro departamentos (mais non era compatible cos criterios aprobados na CEPREA), que a seguir se abriu un período de debate en que non se logrou ningún acordo –só o de aproveitar o número máximo de tres departamentos–, que non obstante houbo acordos parciais –por exemplo, entre Proxectos e Composición Arquitectónica –e tamén desacordos– Tecnoloxía da Construción quere un departamento independente. Na súa idea, a primeira proposta das presentadas polo vicerreitor é máis equilibrada que a segunda. Anuncia en todo caso a súa abstención, porque entende que representa á ETSA e non toda a escola apoiaría ningunha das tres opcións de forma unánime.

A profesora Inés Pernas lembra que no Claustro propuxo un único departamento. Mais que a proposta foi rexeitada na Comisión Permanente da Escola e por iso asume agora a división en tres departamentos e, nese sentido, parécelle máis equilibrada e coherente a primeira alternativa. Suxire un nome: Departamento de Representación e Teoría Arquitectónicas (en plural).

O profesor Moisés Canle, tras agradecer o traballo da CEPREA saúda o resultado dos seus traballos: non só a reorganización, mais tamén o procedemento e os criterios. Engade que carecer dun nome definitivo non debe impedir aprobar a estrutura departamental. Sempre poderá un departamento xa constituído mudar o seu nome máis adiante.

A representante do PAS Nuria Vieira sinala que na memoria hai que modificar algunha referencia errada á UXAI de Elviña e pide que no proceso de racionalización do persoal se inclúa que o plan de reestruturación de recursos humanos só se acometa de ser preciso.

Tamén en representación do PAS, Xosé Portela lembra que a adscrición provisoria dos departamentos debe ser aos centros en que teñan máis docencia. Sobre o nome, indica que o que acorde o Consello poderá ser modificado máis adiante polos propios departamentos. Pregunta se a adscrición á UADI vai poder ser modificada tamén ou non. Porque iso daría pé a incerteza. Solicita que se eliminen da memoria referencias ao PAS que datan de cando o proceso se centraba na fusión de centros. Conclúe



indicando que calquera circunstancia que modifique a situación do PAS ten o seu propio ámbito de negociación que é a RPT.

O profesor Anxo Calvo lembra que a reestruturación nace dun acordo de 2012. Que o que se acorde non vai perdurar para sempre: se as circunstancias mudan, a Universidade tamén debe mudar. Por iso suxire un proceso de cambio e avaliación continua das estruturas da UDC. En termos xerais, engade, o que se propón é mellor que o que había. Hai flocos, hai disfuncións particulares... por iso o proceso de reflexión sobre as estruturas debe continuar. Indica que o proceso foi participativo, desde logo moito máis do que sería un proceso similar no ámbito empresarial ao que tanto se alude.

Á profesora Teresa López parécelle importante a capacidade da UDC de adaptar as súas estruturas académicas (como antes fixera coas administrativas) ás novas circunstancias, co fin de optimizar os recursos minguantes cos que se conta. Alégrase das intervencións construtivas, que contrastan coas saídas de ton do luns pasado de catro catedráticos que afectaron negativamente á imaxe da institución.

O profesor Sobrino Heredia pregunta que vai pasar finalmente coa área de Dereito do Traballo.

Toma a palabra o reitor. Sobre os nomes, sinala que os departamentos deben ter un nome, mesmo nos poucos casos en que non se alcanzaron acordos como en Ciencias da Saúde. Neste caso, dado que a oposición dun centro fixo imposible lograr un gran centro biomédico, estratexicamente a UDC debe apostar porque esa denominación figure no nome do departamento: Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia. Sobre o departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica, indica que había que evitar que houbera dous departamentos con idéntica denominación. E así noutros casos (Enxeñaría Naval, Enxeñaría Civil ou Dereito Público). En todo caso, os departamentos poden propor mudanzas de nome.

Sobre a adscrición a centros, esta é unha decisión dos departamentos. Non así no caso das UADI, e así se recolle na memoria que tamén dá cabida ás futuras fusións de centros.

Sobre a redución dos equipos directivos, esta non ten por que afectar ao estudiantado, máxime cando o número de estudantes é, precisamente, un dos criterios que se toman en conta.

Sobre a Facultade de Informática, alude a que o proceso é dinámico. Que como resultado das alegacións formuladas se fai unha proposta, que pode



gustar ou non. En todo caso, chama a atención sobre Arquitectura: a falta de acordo, ten que decidir o Consello de Goberno.

Remata reiterando que se mantén a aposta por un gran centro de Ciencias da Saúde na UDC.

Ao profesor Casteleiro dille que os criterios son consecuencia dos traballos da CEPREA, que a memoria é unha declaración de intencións e que o carácter dispositivo o ten a nova estrutura departamental. Lembra que o proceso é dinámico. Que este é un punto e seguido e que hai que atender non só ao aforro económico senón tamén ao administrativo. Cualifica o proceso de equilibrado: mínimo un e máximo tres departamentos por centro.

Indica que a memoria será revisada e se incluírá a cláusula «se for preciso».

Conclúe indicando que o regulamento marco de departamentos será incluído na orde do día do próximo Consello de Goberno.

Intervén novamente Sonia Souto para sinalar que, ao seu ver, a falta de acordo, a denominación provisoria debería ser a adición dos nomes dos departamentos que se fusionan. Pide que se concrete cal é o interese estratéxico do equipo reitoral respecto de ciencias da saúde. Con que criterio se decanta o equipo reitoral a favor dunha denominación determinada, dada a escasa marxe da que dispuxeron para a súa decisión, (recibiron as propostas o día anterior) e se ningún dos seus integrantes pertence ao ámbito das ciencias da saúde? pregúntase. Ata onde eu sei, non hai titulacións biomédicas na UDC. Ao meu entender, as denominacións dos departamentos deben responder á realidade do que existe en cada universidade.

Contesta o reitor lembrando unha reunión entre o equipo de goberno e representantes de Fisioterapia, Ciencias da Saúde e Enfermaría. E sobre o cambio de área de Dereito do Traballo, indica que é mellor que o asunto sexa discutido na Xunta de Facultade e se traia despois unha proposta ao Consello de Goberno.

Sobre os departamentos de Arquitectura, **sométense a votación as dúas primeiras propostas** que figuran como **anexo IV** da acta. Antes, intervén o profesor Pedro Nogueira recoñecendo que a extinción do departamento de arquitectura técnica é unha consecuencia natural da evolución do seu profesorado. Coincide en que a primeira alternativa é mellor que a segunda. **Finalmente, é aprobada esta primeira proposta con 30 votos a favor fronte aos 12 obtidos pola segunda.**



Os nomes dos novos departamentos serán «Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas», «Expresión Gráfica Arquitectónica» e «Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición».

Nona Inés Vilariño propón que o Consello acorde cambiar o nome das escolas de Ferrol no sentido indicado polo profesor Graña. O reitor contesta que o cambio non é só de nome, que tamén suporía cambiar a disposición do profesorado nun ou noutro departamento.

Finalmente, sometida a votación a proposta de reestruturación de centros e departamentos, foi aprobada por 28 votos a favor, 11 en contra, 1 en branco e 2 nulos e que figura como anexo V da acta (a votación foi secreta e en urna, por petición dun grupo de seis profesores, que figura como anexo VI desta acta).

Intervén o reitor para a agradecer o traballo do conxunto da comunidade universitaria, o esforzo por procurar acordos e por dotarnos dunha boa estrutura.

5. Cobertura de vacante de PDI na Comisión Delegada de Organización Académica e Profesorado (COAP)

O secretario xeral informa de que a renuncia do profesor José Daniel Pena Agras deixa unha vacante na Comisión e propón para a cubrir o profesor Moisés Canle, decano da Facultade de Ciencias.

A proposta é aceptada por asentimento.

6. Títulos propios de posgrao

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** Nancy Vázquez Veiga presenta as seguintes novas solicitudes e renovacións:

Novas solicitudes

Curso de Formación Específica de Posgrao de Política Marítima Integrada da Unión Europea e Curso de Especialización de Adestramento Canino

Introdución á Intervención Asistida con Animais

Renovación do Curso de Formación Específica de Posgrao na Función Investigadora de Atestados de Tráfico e Control de Licenzas de Edificación

As solicitudes que figuran como **anexo VII** son aprobadas por asentimento.



7. Aprobación, se proceder, da proposta de aceptación dun cubípedo de formigón para a universidade

O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade presenta a proposta de aceptación da doazón dun cubípedo de formigón para a Universidade por parte dunha empresa. O director da Escola de Camiños, profesor Colominas, informa de que se trata dun deseño ensaiado no CITEEC. Sinala que o cubípedo será instalado no campus de Elviña.

A proposta é aceptada segundo figura no **anexo VIII**.

8. Proposta de convocatoria de prazas de PDI contratado

O vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** informa da convocatoria de 23 prazas (11 de CIS e 11 de asociados).

Intervén o profesor Pedro Nogueira para que se corrixa unha referencia á ETSA, na praza de «construción catro», que debería ser feita á EUAT.

A profesora Sonia Souto pregunta se as prazas de asociado para o segundo cuatrimestre son para ese cuatrimestre só ou se tamén son para os seguintes. Contesta o vicerreitor dicindo que iso depende do motivo da convocatoria.

A proposta é aprobada por asentimento e figura como **anexo IX** desta acta.

9. Proposta de modificación dunha área de coñecemento de PDI

O vicerreitor de **Profesorado e Planificación Docente** informa dos cambios de dedicación que figuran deseguido:

Cándido Antón Fernández Ameal (CIS-TC), Ramón Freire Piñeiro (Col.-TC) e José J. Troya Calatayud (Asoc. P03) cambian da área de coñecemento de Construcións Navais para a de Ciencias e Técnicas da Navegación e Marcos Lema Rodríguez (AD) pasa da área de coñecemento de Máquinas e Motores Térmicos á de Mecánica de Fluídos.

A proposta é aprobada por asentimentos e figura como **anexo X** desta acta.

10. Quenda aberta de intervencións

Toma en primeiro lugar a palabra o profesor Moisés Canle para preguntar se van poder convivir títulos equivalentes de tres e de catro anos. O reitor contesta negativamente. Interésase tamén acerca de quen se vai ocupar da acreditación dos programas de doutoramento, se os centros ou a EIDUDC?



O reitor contesta que xa se decidirá. Pregunta se na última reunión do SUG foi aprobado algún mestrado novo. Respóndeselle que non.

Xosé Portela solicita unha reunión, coa maior brevidade, entre a representación do PAS e o novo xerente. O reitor asinte. Solicita o cesamento de Xavier Alcalá por unhas manifestacións realizadas no twitter.

O alumno Alberto Franco, acerca do artigo publicado nun medio galego co título «Rebelión na UDC contra os recortes», pregúntase onde estivo este xornal ata hoxe e pide que non se realice este tipo de informacións.

O profesor Luís Hervella suscita o problema dos alumnos mal matriculados a tempo parcial, porque a nova normativa aínda non foi trasladada á aplicación informática. Só no seu centro hai 109 alumnos afectados. A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente respóndelle que xa está a falar cos administradores dos centros para lograr solucionar o problema.

Intervén o reitor para dicir que a UDC xa repudiou publicamente as declaracións de Xavier Alcalá, realizadas nun ámbito alleo á UDC, como candidato dunha forza política. Lembra que el xa pediu desculpas. Xosé Portela reitera a súa petición de cesamento.

Non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:47 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso